

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

RESOLUCIÓN do 7 de maio de 2014, da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, pola que se anuncia a convocatoria dos concursos correspondentes á XXVI Cata dos viños de Galicia, á XVI Cata das augardentes de Galicia, á III Cata dos licores de herbas e de café de Galicia e das augardentes de Galicia envellecidas e a I Cata das augardentes de herbas de Galicia e se dá publicidade ás súas respectivas bases.

A Consellería do Medio Rural e do Mar ten encomendadas, entre outras funcións, actuacións relacionadas coa política alimentaria, dentro das cales se enmarcan as de defensa e promoción dos produtos agroalimentarios con distintivo de calidade.

Nos últimos anos, os concursos para premiar a calidade dos produtos agroalimentarios experimentaron un importante auxe na súa realización e difusión, o que sen dúbida contribúe á promoción e ao aumento do prestixio destes produtos entre os consumidores. Ademais, a realización deste tipo de certames tamén ten efectos positivos en relación coa mellora das condicións de produción e elaboración, polo interese dos participantes en acadar un recoñecemento público, e máis no caso de determinados premios que xa están moi consolidados no calendario anual de celebracións.

Consciente desta importancia, a Xunta de Galicia leva anos organizando este tipo de certames, de xeito que, dentro do sector dos viños e das bebidas espirituosas, xa se levan celebrando vinte e cinco edicións da Cata dos viños de Galicia e quince da das augardentes de Galicia. Máis recente é a Cata dos licores de herbas e de café de Galicia e das augardentes de Galicia envellecidas, da cal se celebraron dúas edicións. Este ano convócase por primeira vez a Cata das augardentes de herbas de Galicia.

Para a organización deste evento, a Consellería do Medio Rural e do Mar conta coa colaboración do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, así como coa dos cinco consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas galegas e coa do Consello Regulador das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia. Esta colaboración concrétese, entre outras cuestións, na elaboración das bases destes concursos, que garanten unha participación non discriminatoria e en pé de igualdade dos interesados, así como o anonimato das mostras e un sistema de cualificación obxectivo baseado no criterio imparcial de expertos de recoñecido prestixio que forman parte dos xurados de cata.



Por outra parte, para o caso concreto dos viños, o Real decreto 1679/1999, do 29 de outubro, establece as normas básicas reguladoras dos concursos de viños oficiais e oficialmente recoñecidos que teñen lugar no territorio do Estado español, así como as distincións outorgadas ás partidas ou lotes de viños que resulten premiados en tales concursos e a súa posterior utilización. A Resolución do 18 de decembro de 2013, da Dirección Xeral da Industria e Mercados Alimentarios (BOE nº 311, do 28 de decembro), pertencente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, publicou o calendario de concursos de viños que terán lugar durante o ano 2014 no territorio nacional, que inclúe os recoñecidos para a Comunidade Autónoma de Galicia, entre os cales se encontra a XXVI Cata dos viños de Galicia. De acordo co establecido no artigo 5.1 do citado real decreto, cómpre dar publicidade á convocatoria deste concurso no *Diario Oficial de Galicia*.

Xa que se aproximan as datas en que tradicionalmente se vén desenvolvendo este evento, é preciso realizar a convocatoria destes concursos e dar publicidade das súas correspondentes bases.

Por iso, de conformidade coas competencias que teño atribuídas de acordo co Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar e do Fondo Galego de Garantía Agraria,

RESOLVO:

Anunciar a convocatoria dos concursos correspondentes á XXVI Cata dos viños de Galicia, á XVI Cata das augardentes de Galicia, á III Cata dos licores de herbas e de café de Galicia e das augardentes de Galicia envellecidas e á I Cata das augardentes de herbas de Galicia, que se desenvolverán na Comunidade Autónoma de Galicia no vindeiro mes de xuño, e dar publicidade ás súas bases, que se atopan, xunto cos correspondentes boletíns de inscrición, na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar no seguinte enderezo electrónico:

http://www.mediatoruralamar.xunta.es/areas/alimentacion/cata_de_vinos_e_de_augardentes/

De acordo coas citadas bases, as solicitudes relativas aos viños con denominación de orixe e ás augardentes e licores presentaranse na sede do consello regulador correspondente. Para o caso dos Viños da Terra enviaranse á Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, sita na avenida do



Camiño Francés 10, en Santiago de Compostela. O prazo de presentación das solicitudes de participación será de sete días contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2014

Tomás Fernández-Couto Juanas
Secretario xeral de Medio Rural e Montes

CVE-DOG: yjak8k57-a6x4-zn54-mam1-r2f7odehxjw8

